



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100

Rúa arcái, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

CERTIFICACIÓN

María Celia Nercellas Colmeiro, secretaria Interventora do Concello de Val do Dubra, agás erro ou omisión involuntaria, **CERTIFICO** :

Que a Xunta de Goberno Local deste concello, en sesión que tivo lugar o día 25 de agosto de 2022, adoptou, entre outros, o acordo que transcrito literalmente di:

12.-APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE OBRAS “MELLORA DO VIARIO NO NÚCLEO DE XERMAN” POS+2021.

Dáse conta do expediente relativo ó investimento de “**MELLORA DO VIARIO NO NÚCLEO DE XERMAN**”, e se informa que a obra ten un orzamento de 115.182,45 euros, e atópase subvencionada pola da Deputación Provincial da Coruña dentro do Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+2021, por importe de 115.182,45 euros. Finalmente, se acompaña proxecto técnico redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos D. Pablo Blanco Ferreiro e aprobado por acordo do Pleno de data 03 de febreiro do 2021.

Por Secretaría se informa que a obra se pretende adxudicar por procedemento aberto simplificado e existe consignación na partida 153.61900 do vixente orzamento de gastos para a súa execución.

Procedéndose á votación e unha vez comprobado o expediente, acórdase por unanimidade de todos os membros da Xunta de Goberno Local do 25 de agosto do 2022:

- 1.- Aprobar un gasto por importe de 115.182,45 euros con destino ó citado investimento, aplicando o mesmo á partida 153.61900 do vixente orzamento de gastos.
- 2.- Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado, con varios criterios de adxudicación, e tramitación ordinaria, da obra consistente en “**MELLORA DO VIAIRO NO NÚCLEO DE XERMAN**”, cun valor estimado de 95.192,11 euros e 19.990,34 euros en concepto de IVE, cun total de 115.182,45 euros, dispoñendo a publicación no perfil do contratante do anuncio licitación, cun prazo de presentación de ofertas de vinte días naturais a contar desde o seguinte o da



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100

Rúa arcái, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

inserción do correspondente anuncio de licitación, presentación que será en formato electrónico.

3.- A aprobación do pliego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a adxudicación e execución do contrato.

E para que conste, asino o presente certificado co visto e praxe do alcalde, coas limitacións do establecido no artigo 206 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento, organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, co visto e praxe do alcalde.

CONCELLO DE VAL DO DUBRA, mércores 31 de agosto de 2022

A secretaria, Maria Celia Nercellas Colmeiro

O alcalde, José Manuel Varela Ferreiro